



OS SOCIALISTAS RECLÁMANLLE Á XUNTA APOIO PARA OS ALUMNOS E AS FAMILIAS DO COLEXIO DE EDUCACIÓN ESPECIAL INFANTA ELENA DE MONFORTE

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 13. O portavoz de Educación do Grupo Socialista, Vicente Docasar, reclamoulle hoxe ao goberno galego apoio para os alumnos e alumnas do centro de educación especial Infanta Elena, de Monforte de Lemos, que teñen que abandonar o centro unha vez cumpridos os 21 anos, sendo “abandonados á súa sorte” despois da súa etapa educativa neste colexio.

O responsable socialista propuxo como solución xusta a posta en marcha dunha nova residencia, habilitar e acondicionar algún edificio da cidade ou ben acondicionar o actual colexio como Centro de Continuidade, coa finalidade de que estes rapaces se rapazas non perdan as habilidades e destrezas que con grande sacrificio adquiriron ao longo da súa etapa educativa neste colexio.

Apuntou Docasar que o goberno galego ten a obriga moral de “axudar ás persoas mais débiles e con menos posibilidades de defenderse”, como son precisamente os alumnos deste tipo de centros. Atopar unha solución a este problema “é unha cuestión de xustiza social e unha obriga moral”, e moito máis tras ver como os integrantes desta Comunidade Educativa levan varios anos reclamando da administración unha saída para esta xusta reivindicación.

As familias destes rapaces pregúntanse se os impostos que eles pagan non teñen o mesmo valor que os impostos que pagan o resto das familias con nenos e nenas sen discapacidade. Para eles, a alternativa que se lles ofrece actualmente e envalos a algunha macro-residencia lonxe dos seus domicilios, se atopan praza e teñen cartos para pagala. Docasar subliñou que a demanda das familias e do conxunto desta emblemática comunidade educativa monfortina é “totalmente xusta e merece ser tida en consideración”.

Desesperanza e desasosego

O responsable socialista apuntou a situación de “profunda desesperanza e desasosego” das familias, que unha vez rematada a estadia dos rapaces no centro “terán que permanecer nas súas casas ou desprazarse a outros centros con características substancialmente distintas ás do Infanta Elena”.

Vicente Docasar advertiu que tampouco lle serve como escusa a “manida crise económica” para non abordar esta problema. Se hai cartos (e moi abundantes por certo) para concertar servizos similares con empresas privadas, que razóns hai para non investilos no Colexio Infanta Elena, que o leva reclamando varios anos?

O deputado monfortino rematou a súa intervención coas testemuñas de varios representantes desa comunidade educativa, como é o caso de dúas nais de alumnos, ou mesmo da directora do centro, para reclamar unha solución definitiva e xusta á situación dos rapaces e rapazas do Infanta Elena.



Grupo Parlamentario



Saúdos, Comunicación PSdeG-PSOE

Partido dos
Socialistas
de Galicia